



PROCESO SELECTIVO, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN REITORAL DO 07 DE DECEMBRO DE 2022, (DOG DO 20 DE DECEMBRO DE 2022 E BOE DO 27 DE MARZO DE 2023), PARA CUBRIR DÚAS PRAZAS DA CATEGORÍA PROFESIONAL DE TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE MEDIOS AUDIOVISUAIS, DO GRUPO III, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE, VACANTES NO CADRO DE PERSOAL LABORAL

Exercicio: 4º Exercicio, tipo Test

Duración: 40 minutos

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2024.

Non abra o presente cadernillo ata que o indique o Tribunal

1. Na Constitución Española establécese respecto do dereito de reunión:

- A) Recoñécese o dereito de reunión pacífica e con armas. O exercicio deste dereito necesitará autorización previa
- B) Recoñécese o dereito de reunión pacífica e sen armas. O exercicio deste dereito necesitará autorización previa
- C) Recoñécese o dereito de reunión pacífica e sen armas. O exercicio deste dereito non necesitará autorización previa

2. Respecto á detención preventiva, na Constitución Española regúlase o prazo máximo no que o detido deberá ser posto en liberdade ou a disposición xudicial, cal será este prazo máximo?:

- A) 72 horas
- B) 48 horas
- C) 24 horas

3. A Constitución Española reconece entre outros os seguintes dereitos fundamentais e liberdades públicas:

- A) O de dereito á folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses, pero non o dereito a sindicárense libremente
- B) O dereito a sindicárense libremente, pero non o de dereito á folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses
- C) Reconece ambos dereitos

4. De conformidade coa Constitución Española teñen o dereito para elixir libremente a súa residencia e a circular polo territorio nacional:

- A) Todos os españois
- B) Todos os cidadáns da Unión Europea
- C) Todas as persoas

5. Segundo a Constitución Española cal dos seguintes dereitos NON é un dereito fundamental?:

- A) O dereito á propiedade privada e á herdanza
- B) O dereito á educación
- C) O dereito á liberdade e á seguridade

6. No Convenio colectivo para o persoal laboral da USC o título de FP II está incluído dentro do grupo profesional:

- A) Grupo I
- B) Grupo II
- C) Grupo III

7. Con carácter xeral segundo o Convenio colectivo para o persoal laboral da USC o horario de traballo será:

- A) De 8 a 15 horas para os traballadores de quenda de mañá
- B) De 9 a 14 horas para os traballadores de quenda de mañá
- C) De 14 a 21 horas para os traballadores de quenda de tarde

8. Un criterio, do Convenio colectivo para o persoal laboral da USC, respecto da elección de destino na selección de persoal para o ingreso na USC é:

- A) Os seleccionados por promoción interna terán preferencia sobre os da quenda libre para a elección de destinos
- B) Os seleccionados pola quenda libre terán preferencia sobre os de promoción interna para a elección de destinos
- C) A elección de destinos realizarase por orde, segundo a puntuación obtida no proceso selectivo, indistintamente de se proceden de promoción interna ou da quenda libre

9. Segundo o Convenio colectivo para o persoal laboral da USC o número de membros dos que estarán compostos os órganos de selección nunca será inferior a:

- A) 3
- B) 4
- C) 5

10. Os Estatutos da USC recollen os dereitos específicos do persoal de administración e servizos, entre os que NON está:

- A) O coñecemento das funcións propias do posto de traballo que desempeñe
- B) Recibir orientación transversal no ámbito educativo e profesional a través do persoal dos servizos correspondentes
- C) A formación continua e a promoción profesional

11. Segundo os Estatutos da USC o persoal de administración e servizos dependerá organicamente:

- A) Da dirección do centro ou departamento ao que estea adscrito
- B) Da Xerencia
- C) Do servizo ao que estea adscrito

12. Nos Estatutos da USC indícase que a oferta de emprego público do persoal de administración e servizos aprobarase cada:

- A) Ano
- B) Dous anos
- C) Cinco anos

13. Os Estatutos da USC indican que as liñas xerais do Plan Xeral de formación para o persoal de administración e servizos aprobaranse polo:

- A) O Claustro, a proposta da Xerencia
- B) O Consello de Goberno, a proposta da Xerencia
- C) Xerencia, a proposta do Claustro

14. Cal é o órgano de participación da sociedade na USC segundo os seus estatutos?:

- A) O Consello Social
- B) O Claustro
- C) O Consello Estudantil

15. O Claustro estará composto por:

- A) O/a Reitor/a, o/a Secretario/a Xeral, o/a Xerente e 300 representantes dos diversos sectores da comunidade universitaria
- B) O/a Reitor/a, o/a Secretario/a Xeral, o/a Xerente e 200 representantes dos diversos sectores da comunidade universitaria
- C) O/a Reitor/a, o/a Secretario/a Xeral, o/a Xerente e 100 representantes dos diversos sectores da comunidade universitaria

16. Quen presidirá o Consello de Goberno da USC?:

- A) O/a Xerente
- B) O/a Reitor/a
- C) O/a Secretario/a Xeral

17. En caso de ausencia ou enfermidade do/a Reitor/a , segundo os Estatutos da USC, asumirá as súas funcións:

- A) O/a Xerente
- B) O/a Vicerreitor/a que o/a Reitor/a designe
- C) O/a Secretario/a Xeral

18. Nos Estatutos da USC indícase que os/as Vicerreitores/as serán nomeados/as polo:

- A) Reitor/a
- B) Consello de Goberno
- C) Claustro

19. O/a Secretario/a Xeral desempeñará, segundo os Estatutos da USC, a secretaría:

- A) Do Claustro Universitario
- B) Do Claustro Universitario e do Consello de Goberno
- C) Do Claustro Universitario, do Consello de Goberno e do Consello Social

20. Nos Estatutos da USC indícase que o cargo de Xerente da USC será:

- A) Incompatible co exercicio da docencia, pero compatible con calquera outra actividade pública ou privada
- B) Compatible co exercicio da docencia, pero incompatible con calquera outra actividade pública ou privada
- C) Será incompatible con ambas, co exercicio da docencia ou con calquera outra actividade pública ou privada

21. Cal dos seguintes NON é un principio de actuación dos empregados públicos segundo o establecido no Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público?:

- A) Parcialidade
- B) Austeridade
- C) Accesibilidade

22. Segundo o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, os empregados públicos obedecerán as instrucións e ordes profesionais dos superiores:

- A) Sempre
- B) Sempre, salvo que constitúan unha infracción manifesta do ordenamento xurídico
- C) Sempre, se constan por escrito

23. Que se entenderá por equipos de protección individual segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais:

- A) Calquera máquina, aparello, instrumento ou instalación utilizada no traballo
- B) Calquera equipo destinado a ser levado ou suxeitado polo traballador para que o protexa dun ou varios riscos que poidan ameazar a súa seguridade ou a súa saúde no traballo, así como calquera complemento ou accesorio destinado a tal fin
- C) O grupo de traballadores que teñan asignada a tarefa de controlar as medidas adoptadas en todas as fases de actividade da empresa co fin de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo

24. De acordo coa Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, cal dos seguintes NON é un deber dos traballadores en materia de prevención de riscos?:

- A) Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados polo empresario
- B) Informar de inmediato ao seu superior xerárquico directo acerca de calquera situación que entrañe un risco para a saúde dos traballadores
- C) Abandonar o lugar de traballo cando considere que esta actividade entraña un risco leve para a súa saúde

25. Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o custo das medidas relativas á seguridade e saúde no traballo:

- A) Re caerá sobre o empresario, podendo repercutirse sobre os traballadores en determinadas situacións excepcionais
- B) Re caerá sobre os traballadores
- C) Non deberá recaer de ningún xeito sobre os traballadores

26. O persoal de administración e servizos e os contratistas da USC empregarán nas súas comunicacións orais e escritas cos cidadáns:

- A) Indistintamente calquera das linguas oficiais da USC
- B) Exclusivamente o galego
- C) O galego por defecto, salvo cando as persoas interesadas demanden ser atendidas en castelán

27. O Regulamento de usos lingüísticos da USC resulta de aplicación:

- A) Aos membros da comunidade universitaria, ás unidades que forman parte da estrutura organizativa da USC e ao sector público institucional da USC
- B) Aos membros da comunidade universitaria e ás unidades que forman parte da estrutura organizativa da USC
- C) Aos membros da comunidade universitaria

28. Nos Estatutos da USC recóllese que:

- A) A lingua galega é a lingua propia da USC
- B) A lingua castelá é a lingua propia da USC
- C) As linguas galega e castelá son as linguas propias da USC

29. Segundo a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, considérase discriminación indirecta por razón de sexo:

- A) A situación en que se atopa unha persoa que sexa, fose ou puidese ser tratada, en atención ao seu sexo, de maneira menos favorable que outra en situación comparable
- B) A situación en que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros pon a persoas dun sexo en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro
- C) Todo trato desfavorable ás mulleres relacionado co embarazo ou a maternidade

30. Segundo a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, considérase acoso sexual:

- A) Calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear unha contorna intimidatoria, degradante ou ofensivo
- B) Calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatoria, degradante ou ofensivo
- C) Calquera trato adverso ou efecto negativo que se produza nunha persoa como consecuencia da presentación pola súa banda de queixa, reclamación, denuncia, demanda ou recurso, de calquera tipo, destinados a impedir a súa discriminación e a esixir o cumprimento efectivo do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes

Preguntas de reserva:

31. De acordo coa Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes a publicidade que comporte unha conduta discriminatoria considerárase:

- A) Publicidade ilícita
- B) Publicidade sexista
- C) Publicidade misóxina

32. Na Constitución Española respecto as confesións establece o seguinte:

- A) A confesión Católica terá carácter estatal
- B) As confesións maioritarias terán carácter estatal
- C) Ningunha confesión terá carácter estatal

33. A clasificación dos grupos e categorías profesionais do persoal laboral de administración e servizos, segundo os Estatutos dá a USC, será:

- A) A que se estableza no convenio colectivo vixente en cada momento ou de acordo coa lexislación laboral
- B) Grupo A (dividido nos subgrupos A1 e A2), grupo B e grupo C (dividido nos subgrupos C1 e C2)
- C) Grupo I, grupo II, grupo III, grupo IV, grupo V e grupo VI

